



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA


C.E.I.P. PLURILINGÜE MONTE DOS POSTES
RÚA DAS FONTIÑAS, 79 15707. SANTIAGO DE COMPOSTELA. A CORUÑA
Teléfono / Fax 981 543 187
E-mail: ceip.monte.postes@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmontepostes/>
DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

**PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á
DIVERSIDADE.
CEIP PLURILINGÜE MONTE DOS POSTES.
Santiago de Compostela, Xuño 2015.**



ÍNDICE.

	páxina
1. INTRODUCCIÓN	3
2. MARCO LEGAL	3
3. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO DO CENTRO.	5
4. OBXECTIVOS.	6
5. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES.	6
6. ACTUACIÓNS, MEDIDAS ADOPTADAS E PROGRAMAS.	10
7. CRITERIOS PARA ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS.	15
8. COORDINACIÓN INTERNA E CON OUTROS CENTROS.	18
9. COLABORACIÓN COAS FAMILIAS E SERVIZOS EXTERNOS.	20
10. SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA.	22
11. PROTOCOLOS.	23

 <p>XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA</p>	<p>C.E.I.P. PLURILINGÜE MONTE DOS POSTES RÚA DAS FONTIÑAS, 79 15707. SANTIAGO DE COMPOSTELA. A CORUÑA Teléfono / Fax 981 543 187 E-mail: ceip.monte.postes@edu.xunta.es http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmontepostes/ DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN</p>
---	--

1. INTRODUCCIÓN

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, no seu artigo 121 establece que o Proxecto Educativo dos centros recollerá a forma de atención á diversidade do centro e que respetará o principio de non discriminación e inclusión como valores fundamentais.

A **atención á diversidade** é un principio fundamental do sistema educativo regulado pola normativa en vigor na actualidade. Isto implica a esixencia de ofertar un ensino axustado ás necesidades de cada un dos alumnos e alumnas, tendo en conta os diferentes intereses, características e situacións persoais.

Polo tanto a comunidade educativa debe asumir esa diversidade como eixe vertebrador de toda acción educativa, potenciando o crecemento individual e persoal de todos e cada un dos nenos e nenas que forman o conxunto do noso alumnado.

Neste Plan concretaranse as actuacións e medidas de atención á diversidade que o noso centro educativo deseña e desenvolve para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do seu alumnado.

2. MARCO LEGAL.

Normativa básica, regula a atención á diversidade no ensino.

- Orde de 6 de outubro de 1995, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral (DOG 7/11/1995)
- Orde de 31 de outubro de 1996, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se regula a avaliación psicopedagóxica do alumnado con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral e establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización (DOG 19/12/1996)
- Orde de 28 outubro de 1996 pola que se regulan as condicións e o procedemento de flexibilización da duración do período de escolarización do alumnado con NEE asociados a condicións persoais de sobredotación intelectual (DOG 28/11/1996)



- Decreto 374/1996 de 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de EI e dos colexios de EP (DOG 21/10/1996).
- Orde de 22 de xullo de 1997, que regula aspectos da organización e funcionamento de escolas e colexios de EI e EP dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG 2/09/1997).
- Decreto 120/1998, de 23 de abril, pola que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 27/4/1998)
- Orde de 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998 (DOG 31/7/ 1998).
- Orde de 27 de decembro de 2002 polo que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con NEE (DOG 30/1/2003).
- Orde de 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ó alumnado procedente do estranxeiro (DOG 26/2/2004).
- Orde de 23 de novembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 30/11/2007).
- Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 23/06/2009).
- Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade .
- Lei 4/2011 de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (DOG 15/7/2011).

 <p>XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA</p>	<p>C.E.I.P. PLURILINGÜE MONTE DOS POSTES RÚA DAS FONTIÑAS, 79 15707. SANTIAGO DE COMPOSTELA. A CORUÑA Teléfono / Fax 981 543 187 E-mail: ceip.monte.postes@edu.xunta.es http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmontepostes/ DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN</p>
---	--

- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación (DOG 21/12/2011).
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 09/09/2014).

3. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO DO CENTRO


O CEIP Plurilingüe Monte dos Postes é un dos 13 centros públicos de Educación Infantil e Primaria da cidade. Atópase situado na zona norte da cidade. Acode alumnado das zonas de:

- Amio
- Aríns
- As Cancelas
- Bando
- Concheiros
- Fontiñas
- Guadalupe
- Meixonfrío
- San Marcos
- San Lázaro
- San Caetano

pertencendo maioritariamente ao entorno urbano aínda que tamén ten unha representación importante o alumnado do entorno rural. As familias son naturais desa zona ou forman parte das novas urbanizacións, cun pequeno número de poboación inmigrante.

É un centro de liña dous, que na actualidade ten a ratio casi completa. Con 6 unidades de Educación Infantil e 12 unidades de Educación Primaria.

O Claustro está formado por 30 mestres. O profesorado é maioritariamente definitivo dende hai tempo no centro, e con anos de experiencia docente. Contamos con dúas especialistas en Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe, en ambos casos, unha con destino definitivo no centro e outra dispoñible a tempo parcial.

 <p>XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA</p>	<p>C.E.I.P. PLURILINGÜE MONTE DOS POSTES RÚA DAS FONTIÑAS, 79 15707. SANTIAGO DE COMPOSTELA. A CORUÑA Teléfono / Fax 981 543 187 E-mail: ceip.monte.postes@edu.xunta.es http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmontepostes/ DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN</p>
---	--

O carácter de provisionalidade que ten a praza de Orientación dificulta enormemente a continuidade dos programas de intervención e o desenvolvemento das liñas de traballo co alumnado con NEAE. Este é un elemento clave para a axeitada atención ás numerosas demandas realizadas polas familias e o propio profesorado en atención ás dificultades individuais do alumnado. As funcións do xefe do Departamento de Orientación (recollidas no D.120/1998 e na O. 24/06/1998) pódense resumir nunha: asesorar e orientar a todos os membros da Comunidade Educativa.

O centro dispón tamén dunha coidadora, moi necesaria para a atención ao alumnado con NEE.

Este curso, coa condición de centro Plurilingüe, contamos coa axuda dun lector de Inglés.

4. OBXECTIVOS.

- a) Organizar os recursos materiais e persoais do centro, para así elaborar unha resposta educativa axeitada a cada alumna ou alumno que lle permita optimizar o seu desenvolvemento persoal e social.
- b) Establecer medidas para dar resposta á diversidade.
- c) Impulsar o desenvolvemento de propostas metodolóxicas e de avaliación que faciliten a atención ás necesidades de cada alumno e alumna.
- d) Fomentar a coordinación docente coma o eixe vertebrador dun traballo en equipo, impulsando a nosa tarefa de profesionais do ensino, para atender ás dificultades dos membros da comunidade educativa.
- e) Desenvolver metodoloxías que favorezan a inclusión do alumnado con diferenzas.
- f) Organizar un canle de comunicación entre as familias e a escola, fomentando o asesoramento e a formación aos pais e nais no proceso de ensino-aprendizaxe dos seus fillos e fillas.
- g) Colaborar nas tarefas de coordinación do centro con outros centros, institucións e asociacións.


5. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

A aplicación deste Plan afecta a toda a Comunidade Educativa, ao conxunto do alumnado en xeral, e a cada unha e un dos alumnos do Centro; xa que atender á diversidade é aplicar o principio de individualización do ensino, tendo en conta as características, motivacións, intereses, dificultades, calidades,... de cada un dos nenos e nenas. Para iso é necesario que cada mestra e mestre adapte a súa **metodoloxía** de traballo a esa individualidade co obxectivo de dar resposta a este principio.

Dentro desta diversidade atópase o alumnado con NEAE (**Necesidade Específica de Apoio Educativo**) no que aparecen esta clasificación:

1. Alumnado que presenta NEE (**Necesidades Educativas Especiais**): discapacidade física, psíquica, auditiva, visual, trastornos graves de personalidade e do desenvolvemento (TXD, TEA, Asperger) trastornos graves de conduta.
2. Alumnado con **dificultades específicas de aprendizaxe**: de lectura, escritura, razoamento e cálculo matemático, comprensión e expresión oral, etc.
3. Alumnado **TDAH** (Inatención-Hiperactividade-Impulsividade)
4. Alumnado con **altas capacidades intelectuais**, é considerado así cando manexa e relaciona de xeito simultáneo e eficaz, nun nivel sensiblemente superior á media, recursos cognitivos, verbais, numéricos, lóxicos, memorísticos, espaciais e creativos. Considérase como talento, o alumno que destaca especialmente no manexo dun o varios dos recursos anteriores.
5. Alumnado de **integración tardía ao sistema educativo**: incorporación tardía, procedente do extranxeiro, coñecendo ou non o idioma.
6. Alumnado con **condicións persoais ou de historia escolar**: limitacións socioculturais (Medidas de tribunal de menores, tutela), minorías étnicas, escolarización desaxustada (absentismo escolar, desescolarización, familias itinerantes), alteracións de saúde/funcionais (atención hospitalaria e domiciliaria), violencia de xénero ou acoso escolar.

A LOMCE no seu artigo 71.2, refírese a que corresponde á Administración educativa asegurar os recursos necesarios para a atención educativa diferente á ordinaria, e así que o alumnado con NEAE sexa quen de acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

 <p>XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA</p>	<p>C.E.I.P. PLURILINGÜE MONTE DOS POSTES RÚA DAS FONTIÑAS, 79 15707. SANTIAGO DE COMPOSTELA. A CORUÑA Teléfono / Fax 981 543 187 E-mail: ceip.monte.postes@edu.xunta.es http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmontepostes/ DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN</p>
---	--


Posibles necesidades

- Relacionadas coa autonomía: persoal auxiliar e/ou outros recursos de acceso ao currículo.
- Relacionadas con discapacidades (visuais, auditivas, motoras, ...)
- Relacionadas coa integración entre iguais.
- Relacionadas con dificultades familiares, sociais e ou de saúde.
- Incorporación tardía ao sistema educativo: adquisición de linguas e/ou competencia curricular.
- Trastornos de audición e linguaxe.
- Non ter superados os obxectivos de EI.
- Medidas aplicadas noutros centros, resultados e posibles propostas.
- Dificultades nas materias instrumentais e outras.
- Non responder as pautas de comportamento acorde ás da súa idade.
- Nivel curricular baixo pero con/sen desfase curricular
- Adaptación Curricular
- Diferente ritmo de aprendizaxe.
- Avaliación negativa nalgunha área dos niveis anteriores.
- Altas capacidades. Talento.

Identificación das necesidades: a detección precoz das necesidades educativas posibilita ao alumnado a superación das súas dificultades e permite unha mellor planificación do centro no que respecta aos recursos humanos e organizativos.

1.- Recollida de información nos seguintes instrumentos:

- informes dos centros de procedencia en caso de novo alumnado
- documentación dunha praza de NEAE: informe EOE, informe psicopedagóxico, datos saúde, datos familiares.
- resultados de avaliación dos niveis anteriores
- informes psicopedagóxicos
- actas das reunións de avaliación: propostas e acordos
- avaliación inicial: información do desenvolvemento xeral, e nivel de coñecementos nas áreas curriculares.
- Grao de desenvolvemento das competencias clave
- observación do alumnado na aula, patio de lecer, en actividades individuais e grupais para os problemas de integración.
- horario do profesorado e alumnado
- Información da tutoría.
- Información aportada polo profesorado especialista: PT, AL e outros.
- Información aportada pola familia

 <p>XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA</p>	<p>C.E.I.P. PLURILINGÜE MONTE DOS POSTES RÚA DAS FONTIÑAS, 79 15707. SANTIAGO DE COMPOSTELA. A CORUÑA Teléfono / Fax 981 543 187 E-mail: ceip.monte.postes@edu.xunta.es http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmontepostes/ DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN</p>
---	--

- Información aportada por institucións e organismos: Inspección Educativa, EOE, servizos sociais, profesionais da saúde, ONCE, asociacións, unidade de atención temperá da USC...
- Información aportada por centros de apoio externos ao centro educativo: psicólogos, pedagogos, logopedas, fisioterapeutas, ...
- Información da avaliación psicopedagóxica realizada tras a solicitude de intervención do Departamento de Orientación.

2.- As canles ou fontes de información xerais:

Toda esta información estará recollida por escrito nos distintos **informes** a desenvolver (actas de avaliación, informes finais de reforzo educativo, apoio ordinario, apoio específico, informes médicos, informes psicopedagóxicos) a disposición do profesorado no expediente académico e no Departamento de Orientación. O titor ten que ser coñecedor de toda a información que sexa susceptible de mellorar a tarefa escolar cos seus educandos e o principal encargado de recoller e transmitir dita información á familia.

Outra documentación relativa á organización dos recursos persoais e espaciais do centro (horarios profesorado, aula TIC, biblioteca, pavillón) estará exposta no **taboleiro** da sala do profesorado.

Realizarase unha reunión de **avaliación inicial** por niveis no inicio do curso académico e unha **reunión mensual** de coordinación do equipo docente: profesorado de nivel, departamento de orientación e xefatura de estudos.

Reunión coa **familia** e/ou **servizos externos** (apoiado, especialistas médicos, terapeutas, centros educativos...) a cargo do titor/a e orientador/a.

A **avaliación continua** terá carácter formativo e orientador, buscando a pronta detección das dificultades para poder actuar e, en consecuencia, incorporar medidas de ampliación, enriquecemento, reforzo ou de adaptación que permitan garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo do alumnado e unha mellor adecuación da práctica docente.

O alumnado relativo a **alerta escolar** estará referenciado nun panel informativo na sala de profesorado no que aparecerá a información relativa a nome, idade, aula de referencia, titoría, diagnóstico e pautas a desenvolver no caso de crise ou incidente. Esta información deberá ser actualizada (titoría-xefatura de estudos) e o seu coñecemento será responsabilidade de cada un dos membros do claustro.

En cada unha das aulas deste alumnado deberá estar igualmente referenciado nun lugar visible (porta, mesa profesorado).

 <p>XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA</p>	<p>C.E.I.P. PLURILINGÜE MONTE DOS POSTES RÚA DAS FONTIÑAS, 79 15707. SANTIAGO DE COMPOSTELA. A CORUÑA Teléfono / Fax 981 543 187 E-mail: ceip.monte.postes@edu.xunta.es http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmontepostes/ DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN</p>
---	--

3.- Persoal responsable do proceso de detección das necesidades: é unha tarefa prioritaria de todo o equipo docente, en especial o **titor/a** que reunirá toda a información posible. Isto esixe unha actualización constante por escrito dos datos que manexan os **mestres especialistas** das distintas áreas, e do profesorado de apoio ordinario e apoio específico de PT e AL. Sendo este intercambio de información unha responsabilidade compartida do claustro tendo presente o respecto e o máximo coidado no seu manexo.

O titor/a será o principal canle de comunicación coa familia. Contando con todo o resto do equipo docente implicado.

Na toma de decisións sobre as medidas oportunas participarán, os membros do Departamento de Orientación, o **orientador/a** co visto e prace do xefe de estudos.


4.- Necesidades detectadas: A persoa que detecte as necesidades (familia e/ou o mestre/a) deberá facer por escrito unha **solicitude** ao Departamento de Orientación segundo o modelo que se adxunta a este Plan.

Durante o mes de maio, realizarase o documento da **Previsión das Necesidades** do alumnado para o seguinte curso. Trátase da presentación e solicitude á Inspección Educativa da previsión de recursos humanos necesarios para o vindeiro curso cos que proveerá ao centro. Esta será responsabilidade do orientador/a quen informará ao Departamento de Orientación en reunión convocada a tal efecto. Os integrantes do DO deberán revisar e comprobar a relación de todo o alumnado, as omisións se as houberse, e o tipo e cantidade de sesións de apoio específico propostas. Esta documentación afecta de xeito moi significativo a toda a organización do centro e á atención ao alumnado con NEAE polo que non pode quedar suxeita só a un criterio individual, ontando co máximo consenso e apoio da Dirección do centro.

Esta relación pode verse modificada tras as sesións de avaliación final, nas que se incluíría o alumnado que non promociona de nivel.

Tendo en conta as NEAE do alumnado do centro é necesaria a organización de programas formativos, grupos de traballo, obradoiros de formación, sesións informativas, ... para así optimizar a **formación** do profesorado e familias.

Unha vez detectadas as necesidades, a Xefatura do Departamento iniciará o procedemento de asesoramento coa avaliación psicopedagóxica necesaria e a elaboración do informe psicopedagóxico confidencial.

 <p>XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA</p>	<p>C.E.I.P. PLURILINGÜE MONTE DOS POSTES RÚA DAS FONTIÑAS, 79 15707. SANTIAGO DE COMPOSTELA. A CORUÑA Teléfono / Fax 981 543 187 E-mail: ceip.monte.postes@edu.xunta.es http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmontepostes/ DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN</p>
---	--

6. ACTUACIÓNS, MEDIDAS ADOPTADAS E PROGRAMAS.


Medidas ordinarias, facilitan a adecuación do currículo prescricional, sen alteración significativa dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural do centro educativo e ás características do alumnado.

- Adecuación da estrutura organizativa do centro e da organización e xestión da aula ás características do alumnado: ratio, equilibrio de sexos no grupo, criterios para a incorporación no grupo de alumnado con NEE.
- Adecuación das programacións ao contorno do alumnado.
- Metodoloxías: traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- Adaptación dos tempos, instrumentos/procedementos de avaliación (adaptación de exames, proba oral, uso de medios TICs, ...).
- Aulas de convivencia.
- Medidas destinadas á mellora da convivencia.
- Desdoblamento de grupos.
- Reforzo educativo (RE).
- Apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Programas de enriquecemento curricular.
- Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.
- Programas de recuperación.
- Programas específicos personalizados.
- Programas de Habilidades Sociais.

O RE será realizado polo mestre que desenvolve a área, que informará á xefatura de estudos, servizo de orientación e familia. Para o seu desenvolvemento, non é necesario solicitar autorización por escrito, realizase na aula ordinaria polo mestre da área e outros mestres con dispoñibilidade horaria.

Outras medidas ordinarias:

- Programa de Estimulación da Linguaxe Oral (PELO en EI).
- Estimulación Temperá (en EI).
- Respecto ao nivel de madureza de cada neno/a (alumnado nado nos derradeiros meses do ano). Principio de individualización.
- Programa de enriquecemento curricular e ampliación de contidos.
- Programa de resolución de conflitos.
- Programas de Técnicas de Estudo.
- Programas de modificación de conduta.
- Programas de Educación para a Saúde.
- Plan de Acción Titorial.
- Protocolo de Absentismo.
- Protocolo de actuación de TDAH.

 <p>XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA</p>	<p>C.E.I.P. PLURILINGÜE MONTE DOS POSTES RÚA DAS FONTEIÑAS, 79 15707. SANTIAGO DE COMPOSTELA. A CORUÑA Teléfono / Fax 981 543 187 E-mail: ceip.monte.postes@edu.xunta.es http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmontepostes/ DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN</p>
---	---

- Colaboración con outros organismos e institucións.
- Atención individualizada.
- Programa Abalar, apoio a profesorado/alumnado dentro/fora da aula.
- Sesión de TICs no horario dos niveis anteriores a 5º e 6º de EP.

Estas medidas ordinarias serán desenvolvidas polo profesorado correspondente á etapa educativa á que pertencen. No caso de dispoñibilidade horaria das especialistas de AL e/ou PT, poderán desenvolver o PELO e programas de atención temperá na etapa de EI.

Medidas extraordinarias, dirixidas a dar resposta ao alumnado con NEAE que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización.

- Adaptacións curriculares: modelo propio do centro.
- Agrupamentos flexibles.
- Apoio do profesorado especialista en PT e AL: apoio específico.
- Flexibilización da duración do período de escolarización.
- Atención educativa ao alumnado, que por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.
- Grupos de adquisición de linguas.

Outras das medidas extraordinarias:


- Escolarización combinada con centro educativo de EE.
- Non promoción

Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes. Será necesario un informe xustificativo do Servizo de Orientación e a autorización da dirección do centro, da Inspección Educativa, da xefatura territorial ou dirección xeral.

Período de adaptación ao longo do curso escolar:

Alumnado:

- Toma de contacto co centro (visita ao edificio, recinto educativo, aula, grupo de alumnos, titoría, etc).
- Información ás familias sobre a organización do colexio, entrevista recollida de datos familiares e outros servizos.
- Avaliación da súa competencia curricular para ser asignado ao grupo ou nivel educativo máis adaptado ás súas características. Desenvolvido polo orientador/a en colaboración co profesorado de etapa/ou nivel.

 <p>XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA</p>	<p>C.E.I.P. PLURILINGÜE MONTE DOS POSTES RÚA DAS FONTIÑAS, 79 15707. SANTIAGO DE COMPOSTELA. A CORUÑA Teléfono / Fax 981 543 187 E-mail: ceip.monte.postes@edu.xunta.es http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmontepostes/ DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN</p>
---	--

Profesorado:

- Toma de contacto co centro (visita ao edificio, recinto educativo, aula, dossier informativo de gardas de transporte, de patio, de entrada, horarios, etc)
- Información das características do grupo, da presenza ou non de alumnado con NEAE
- Será responsabilidade da Xefatura de Estudos xunto co Orientador/a.

NA ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL:

---Medidas Ordinarias:

1.- Período de adaptación do alumnado de 4º de EI (3 anos):

* reunión no remate do curso anterior (mes de xuño): dirección, coordinador de EI, orientador e familias. Dando pautas de actuación durante o verán, control de esfínteres, organización dos horarios en setembro, normas básicas. Dossier coa información actualizada e máis relevante para entregar ás familias


* reunión no inicio do curso (mes de setembro): presentación do equipo docente, documentación e materiais necesarios, organización das entrevistas individuais coas familias, concreción dos horarios e tempos de adaptación.

* organización dos apoios nas aulas de 3 anos durante o período de adaptación.

2.- Avaliación inicial: observación do alumno, recollida de información das familias, axentes sociais, especialistas médicos, pediatras, ...

3.- Ante a aparición de necesidades levarase a cabo o Reforzo Educativo que afecta á secuencia de contidos, organización da aula, metodoloxía, agrupamentos do alumnado, instrumentos e formas de avaliación (todo elemento non prescriptivo da programación). Desenvolvida pola titora ou calquera das mestras do equipo docente en atención da súa área contando coa colaboración e asesoramento do Departamento de Orientación.

4.- Organización do profesorado de apoio á Etapa de EI, optimizando os recursos dos que dispón o centro.

 <p>XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA</p>	<p>C.E.I.P. PLURILINGÜE MONTE DOS POSTES RÚA DAS FONTIÑAS, 79 15707. SANTIAGO DE COMPOSTELA. A CORUÑA Teléfono / Fax 981 543 187 E-mail: ceip.monte.postes@edu.xunta.es http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmontepostes/ DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN</p>
---	--

---Medidas Extraordinarias:

1.- Poderemos realizar no último nivel de EI, unha Adaptación Curricular Significativa que afecta aos elementos prescriptivos do currículo (obxectivos, contidos e criterios de avaliación) naqueles casos nos que o RE non acadou os resultados previstos e previo informe psicopedagóxico do DO. Elaborada e desenvolvida pola titora contando coa colaboración e asesoramento do Departamento de Orientación

2.- Flexibilizar o período de escolarización podendo permanecer ata os 7 anos nesta etapa para o alumnado con NEE

3.- No caso do alumnado con altas capacidades: anticipación da escolaridade, incorporación a agrupamentos flexibles.

NA ETAPA DE EDUCACIÓN PRIMARIA:

---Medidas Ordinarias:

1.- Plan de acollida para o alumnado que se incorpora á etapa, ou ao centro.

2.- Avaliación inicial. Revisión de expediente. Entrevista co titor do curso anterior, co profesorado especialista, coa familia.

3.- Ante a aparición de necesidades levarase a cabo o Reforzo Educativo que afecta á secuencia de contidos, organización da aula, metodoloxía, agrupamentos do alumnado, instrumentos e formas de avaliación (todo elemento non prescriptivo da programación). Desenvolvida polo titor ou calquera docente en atención da súa área contando coa colaboración e asesoramento do Departamento de Orientación.

4.- O profesorado con disponibilidad horaria realizará sesións de apoio ordinario nas aulas asignadas segundo o disposto pola xefatura do DO unha vez aprobado por a Xefatura de Estudos.

O número de sesións será o que corresponda ata completar a carga docente de cada un dos mestres das etapas de Infantil e Primaria.

Esta medida será desenvolvida polo profesorado dentro da aula de referencia do alumno asignado. Só en casos excepcionais, e previa autorización da familia o apoio será fora do grupo.

5.- O alumnado de **3º nivel** realizará proba de avaliación individualizada por parte da Administración Educativa de acordo coa normativa vixente. Nesta proba valórase a expresión e comprensión oral e escrita, o cálculo e resolución de problemas matemáticos. Dos resultados desta proba o equipo docente deberá adoptar medidas ordinarias e extraordinarias máis axeitadas.

 <p>XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA</p>	<p>C.E.I.P. PLURILINGÜE MONTE DOS POSTES RÚA DAS FONTEIÑAS, 79 15707. SANTIAGO DE COMPOSTELA. A CORUÑA Teléfono / Fax 981 543 187 E-mail: ceip.monte.postes@edu.xunta.es http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmontepostes/ DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN</p>
---	---

No remate do **6º nivel**, o alumnado voltará a ser avaliado, no que se comprobará o grao de consecución das competencias en comunicación lingüística, da competencia matemática e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, así como o logro dos obxectivos da Etapa.

O Goberno, previa consulta ás Comunidades Autónomas, establecerá os criterios de avaliación e as características xerais das probas para todo o Sistema Educativo Español co fin de asegurar uns criterios e características de avaliación comúns a todo o territorio. O resultado da avaliación expresarase en niveis. O nivel obtido por cada alumno ou alumna farase constar nun informe, que será entregado aos pais, nais ou titores legais e que terá carácter informativo e orientador para os centros de Educación Primaria e Secundaria donde cursen o seguinte curso escolar, así como para os equipos docentes, as familias e o alumnado. As Administracións educativas poderán establecer plans específicos de mellora naqueles centros públicos con resultados inferiores aos valores establecidos (nota: *segundo o artigo 21 da LOMCE que emprega competencias básicas, aínda que no Decreto 105/2014 que regula o currículo de EP na nosa Comunidade introduce o termo de competencias clave*).

---Medidas Extraordinarias:

1.- Poderemos realizar Adaptación Curricular Significativa naqueles casos nos que se esgotaran outras medidas ordinarias de apoio e non foron acadados os mínimos previstos; tras o informe psicopedagóxico do DO e que afecta aos elementos prescriptivos do currículo (obxectivos, contidos e criterios de avaliación que seguindo o decreto do currículo de Primaria podemos reaxustar, reducir, suprimir, complementar ou ampliar.

Será elaborada e desenvolvida pola titora e/ou mestres especialistas de área contando coa colaboración e asesoramento do orientador e das mestras especialistas en PT, AL, sendo unha das súas funcións (Orde 24 de xullo 1998, art. 7)

Colaborar na elaboración, seguimento e avaliación das adaptacións curriculares individuais, así como das medidas de reforzo, no seu caso, e daquelas outras dirixidas á atención á diversidade do alumnado.

Será necesaria a aprobación por parte da Inspección Educativa.

2.- Non promocionar e/ou flexibilizar o período de escolarización permanecendo ata os 15 anos na Etapa. En calquera caso é necesario a aplicación de medidas curriculares asociadas, a autorización das familias, da Inspección Educativa e da Xefatura Territorial)

 <p>XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA</p>	<p>C.E.I.P. PLURILINGÜE MONTE DOS POSTES RÚA DAS FONTEIÑAS, 79 15707. SANTIAGO DE COMPOSTELA. A CORUÑA Teléfono / Fax 981 543 187 E-mail: ceip.monte.postes@edu.xunta.es http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmontepostes/ DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN</p>
---	---

3.- No caso do alumnado con altas capacidades: adaptación curricular de ampliación, anticipación da escolaridade, incorporación a agrupamentos flexibles.


4.- Escolarización Combinada entre o centro ordinario e centro de Educación Especial, de alumnado con NEE. Nos casos nos que outras medidas non son eficaces. É necesario o dictame de escolarización, opinión das familias e autorización da Xefatura Territorial.

O reforzo educativo, o apoio ordinario, o apoio específico e calquera outra medida desenvolvida en atención ás necesidades do alumnado do centro será recollida nun informe escrito segundo os modelos anexos a este Plan e asinados polo mestre que o desenvolve. Estes informes serán incluídos dentro dos expedientes académicos ademais do arquivo do Departamento de Orientación

7. CRITERIOS PARA ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS

Criterios xerais: Seguindo os principios xerais de actuación, artigo 4 do Decreto 229/2011, que regula a atención á diversidade:

- Normalización e inclusión.
- Equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación.
- Flexibilidade e accesibilidade.
- Interculturalidade e promoción de convivencia.
- Autonomía dos centros docentes e participación de toda a comunidade educativa.
- Atención á totalidade do alumnado.
- Accións preventivas e a detección temperá.
- Priorizar medidas de carácter ordinario e normalizador. As de carácter extraordinarios só se levarán a cabo unha vez esgotada as anteriores.
- Enfoque multidisciplinar e de colaboración e coordinación entre os diferentes profesionais.
- Ás familias do alumnado recibirán, de forma individualizada, a información e asesoramento respecto das características e necesidades do alumnado, así como das medidas que se deberán adoptar para a súa atención no centro. Será o titor quen recolla e transmita a información contando co criterio profesional do equipo docente, dos responsables do apoio específico e da xefatura do Departamento de Orientación.

 <p>XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA</p>	<p>C.E.I.P. PLURILINGÜE MONTE DOS POSTES RÚA DAS FONTIÑAS, 79 15707. SANTIAGO DE COMPOSTELA. A CORUÑA Teléfono / Fax 981 543 187 E-mail: ceip.monte.postes@edu.xunta.es http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmontepostes/ DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN</p>
---	--

Realizado o proceso de detección de necesidades do alumnado levarase a cabo o **reforzo educativo** por parte dos titores ou mestres especialistas (lingua inglesa, educación física, educación artística, relixión)

E outras **medidas de carácter ordinario** segundo cumpra: apoio ordinario do profesorado con dispoñibilidade horaria do centro, agrupamentos flexibles, e/ou outras.

Unha vez esgotadas as anteriores organizaríanse **medias extraordinarias**: apoio específico dos mestres especialistas en PT e AL, flexibilización na EI, non promoción, adaptación curricular e/ou outras.

Criteria para a organización no centro

- As intervencións específicas das mestras de PT e AL, serán propostas polo orientador en colaboración co titor/a. Tras a súa autorización polo dirección do centro, a súa coordinación será desenvolvida pola Xefatura de Estudos e do Departamento de Orientación.
- O profesorado de apoio especialista (PT, AL) con atención directa aos alumnos con NEAE, seguirá a seguinte prioridade:
 - Alumnado con NEE.
 - Alumnado con Adaptación Curricular.
 - Alumnado que xa fose atendido no curso anterior, continuando coa programación individualizada.
 - Alumnado con RE e que non promocionen.
 - Ter desfase na competencia curricular de un ou máis cursos.
 - Alumnado proposto na avaliación inicial.
 - Aquel alumnado que requira atención máis individualizada e que xurda ao longo do curso, tendo preferencia os dos cursos máis baixos.
- O número de sesións de apoio específico dentro da aula decidiránse co profesorado especialista, o titor/a e o orientador/a, tendo en conta a optimización dos recursos. En canto ao apoio realizado nas aulas de PT e AL, será destinado ao alumnado con Adaptación Curricular ou en casos especiais sempre coa autorización da familia e sen exceder o tercio da xornada escolar.
- O horario das sesións de apoio específico coincidirá cos das materias instrumentais no grupo clase, evitando que a realización dos mesmos coincida con outras materias que non son obxecto de reforzo.
- Os apoios poderán ter carácter temporal ou durar todo o curso. A súa organización pode ser modificada.
- A decisión adoptada será revisada coincidindo cas distintas sesións de avaliación e as reunións semanais, de coordinación do equipo de mestres especialistas de PT e AL co orientador/a.




- Aqueles alumnos e alumnas que recibiron apoios e que na avaliación final se propón que continúen con eles no curso seguinte, comezarán con esas medidas, de xeito provisional, dende o inicio do curso ata a avaliación inicial.
- O profesorado ordinario con dispoñibilidade horaria dará apoios ao alumnado que así o requira. Seguindo a organización de tempos do centro.
- Os apoios realizaranse fundamentalmente nas áreas instrumentais: lingua galega, lingua castelá e matemáticas.
- As familias dos alumnos e alumnas que reciban apoio serán informadas das medidas que se van adoptar e dos obxectivos que se pretenden conseguir. O responsable de facilitar esta información é o titor/a, en colaboración, se é o caso, co departamento de orientación (DO).
- Os alumnos con Adaptación Curricular, ademais do boletín ordinario de cualificación trimestral disporán dun informe de avaliación individualizado donde se fará unha descrición detallada do grao e modo de consecución de cada un dos criterios de avaliación propostos na súa Adaptación. Será responsabilidade de cada un dos mestres/as das distintas áreas en colaboración cos mestres especialistas e o orientador. Os especialistas en PT e AL describirán o traballo desenvolvido nas aulas específicas no apoio das áreas instrumentais.
- A proposta de organización de atención ao alumnado por parte do profesorado especialista de PT, AL, será realizado pola xefatura de orientación de acordo cos criterios establecidos neste plan e en colaboración co titor/a do alumno e os propios profesionais de apoio específico, tal e como se recolle no artigo 38 do Decreto 229/2011.
- Será responsabilidade dos mestres/as especialistas en PT e AL a elaboración dun plan de intervención para cada un dos seus alumnos e alumnas no inicio do curso escolar.
- Elaborarase un informe de cada alumno que reciba medidas de reforzo educativo, apoio ordinario e/ou apoio específico segundo o modelo presentado neste Plan. Será responsabilidade de cada un dos mestres que desenvolvan cada unha das medidas.
- As mestras especialistas en PT e AL poñerán en coñecemento da Xefatura de Estudos as faltas de asistencia do seu alumnado co obxectivo de control do absentismo escolar e a optimización dos recursos persoais do centro.



- Será responsabilidade do xefe do DO a elaboración dunha Memoria Final de curso donde se relacionarán as actividades programadas, o seu desenvolvemento e o grao de consecución dos obxectivos propostos, así como as propostas de mellora. As memorias das aulas de PT e AL, elaboradas polos especialistas, formarán parte da Memoria Final do DO, que deberá ser aprobada en reunión convocada aos efectos.

Protocolo de actuación para as medidas extraordinarias	
Actuacións	Responsable/s
1º Solicitud ou demanda de actuación por escrito e segundo o modelo anexo a este Plan.	Familia. Profesorado.
2º Entrevista coa familia.	Titor/a. Xefe/a DO
3º Avaliación psicopedagóxica. Informe.	Xefe/a DO
4º Comunicación á familia: resultados, medidas, autorizacións.	Xefe/a DO Titor/a
5º Autorizacións.	Familia.
6º Elaboración dos diferentes documentos.	Todo o Profesorado. Xefe/a de estudos. Xefe DO
7º Elaboración do Ditame de escolarización.	Xefe/a DO EOE
8º Solicitud Inspección/Xefatura Territorial	Dirección.
9º Autorización	Inspección educativa/ Xefatura Territorial.

 <p>XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA</p>	<p>C.E.I.P. PLURILINGÜE MONTE DOS POSTES RÚA DAS FONTEIÑAS, 79 15707. SANTIAGO DE COMPOSTELA. A CORUÑA Teléfono / Fax 981 543 187 E-mail: ceip.monte.postes@edu.xunta.es http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmontepostes/ DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN</p>
---	---

8. COORDINACIÓN INTERNA E CON OUTROS CENTROS

A normativa potencia o traballo grupal docente en distintas estruturas: equipos de nivel, equipo de dinamización da lingua galega (EDLG), equipo de actividades complementarias e extraescolares (EACE), equipo de Biblioteca escolar, TICS, etc. Existen moitas vantaxes nese traballo conxunto: mellora da comunicación, optimización no proceso de toma de decisións, traballo de cooperación cos compañeiros, aproveitamento dos recursos, mellor clima de convivencia, ... Aínda sendo os mellores profesionais, o traballo perde eficacia se non existe unha coordinación fluída e axeitada.

En todo o relacionado coa atención á diversidade, ao alumnado con NEAE e en concreto no desenvolvemento dos apoios esa coordinación deixa de ser importante para facerse imprescindible. O éxito do desenvolvemento do programa de intervención individualizado do alumnado con NEAE pasa necesariamente por un continuo intercambio de información e unha coordinación do conxunto do equipo docente. No que o titor/a é o eixe no que se debe apoiar o resto dos profesionais e familias, mediando e liderando así todo ese traballo en equipo.

Debemos ter en conta que a unión de varios traballos individuais non acada os mesmos resultados que o traballo conxunto, en equipo, de colaboración entre profesionais co obxectivo de optimizar a eficacia das medidas adoptadas. É algo facilmente observable e comparable.


Que un profesional opte por traballar aillado, ou de costas ao resto do seu grupo de compañeiros e colexio, sen compartir a información, ... resta calidade ao seu traballo e o máis importante, o desenvolvemento do apoio resíntese e aparecen lagoas, confusións, omisións, ... que amolan a convivencia e o traballo ben feito.

Temos que facer un esforzo conxunto para traballar en equipo, asumindo e respectando as diferenzas (persoais e profesionais) dos nosos compañeiros do centro e desenvolvendo o traballo conxunto necesario como profesionais do ensino.

Coordinación interna do equipo docente das distintas áreas:

Para un axeitado desenvolvemento dos apoios específicos é necesaria a organización dunha coordinación entre as mestras de PT ou AL e os mestres das materias instrumentais co obxecto de asegurar a conexión e continuidade entre o traballo que se realiza na aula e o que se realiza nas sesións de apoio. Procurarase que todo o profesorado implicado participe nesa coordinación.

Aínda que a coordinación debe realizarse de xeito continuo ao longo de todo o proceso de ensino-aprendizaxe, a xefatura de estudos convocará unha reunión

 <p>XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA</p>	<p>C.E.I.P. PLURILINGÜE MONTE DOS POSTES RÚA DAS FONTIÑAS, 79 15707. SANTIAGO DE COMPOSTELA. A CORUÑA Teléfono / Fax 981 543 187 E-mail: ceip.monte.postes@edu.xunta.es http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmontepostes/ DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN</p>
---	--

a) No inicio do curso, antes de que comecen os apoios específicos e ordinarios, o orientador/a xunto ao equipo docente, para informar das características do alumnado, medidas adoptadas e aspectos concretos da súa aprendizaxe.

b) Trimestral. O obxectivo destas sesións son:

- Adecuar a programación didáctica da área ao alumnado que vai recibir os apoios, priorizando os contidos mínimos e afianzando as novas aprendizaxes.
- Establecer os instrumentos e procedementos de avaliación, tendo como referencia os obxectivos e contidos establecidos e traballados e as necesidades individuais do alumno.
- Facer o seguimento individual do alumnado de NEAE, valorando a consecución dos obxectivos previstos e, tamén, a permanencia ou non dos apoios, tendo en conta a súa evolución.

No horario semanal das especialistas en PT e AL estará reservada unha sesión para a reunión de coordinación destas co orientador/a.

Reunión ordinaria mensual do DO.

Faise necesaria unha coordinación entre as etapas educativas.


Coordinación EI e EP:

Etapa de Educación Infantil:

- Aspectos organizativos: Informe final de etapa, reunión en setembro entre titor de EI e titor de 1º de EP, reunións de coordinación das mestras titoras e de apoio, reunións das mestras de EI co equipo docente dos primeiros niveis de EP, estratexias de colaboración coas familias.

Etapa de Educación Primaria:

- Continuación do traballo de aspectos de madurez non acadados
- Tratamento da lectura e escritura: no comezo do curso farase unha avaliación inicial e limitando a zona de desenvolvemento próximo do alumnado, iniciarase toda unha estratexia de aprendizaxe significativo, traballando arredor do coñecemento das letras, asociación grafema-fonema, grafías, motricidade fina, números, cantidade, etc. Iniciando así todo un traballo de prelectura e preescritura. E deixando nun segundo plano ao libro de texto. Que se abordará cando o grupo de alumnos teñan acadada a competencia necesaria.

 <p>XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA</p>	<p>C.E.I.P. PLURILINGÜE MONTE DOS POSTES RÚA DAS FONTEIÑAS, 79 15707. SANTIAGO DE COMPOSTELA. A CORUÑA Teléfono / Fax 981 543 187 E-mail: ceip.monte.postes@edu.xunta.es http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmontepostes/ DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN</p>
---	---

- Aspectos organizativos: reunións coa titora de EI do seu grupo de alumnos, estudo dos informes finais de EI, reunións de coordinación do equipo docente de 1º nivel, distribución dos espazos, decoración da aula, traballo individual e colectivo, xogos cooperativos, normas de convivencia do grupo, uso de materiais


Coordinación EP e ESO:

IES Antón Fraguas, centro ao que estamos adscritos.

- Pertencemos ao seu Departamento de Orientación, polo que o orientador/a é convocado ás reunións ordinarias e extraordinarias necesarias.
- Realízase informe individualizado para o DO do IES, de cada un dos alumnos de 6º no remate do curso. Segundo modelo adxunto e elaborado en coordinación coa orientadora do CEIP Fontiñas que tamén está adscrito a este Instituto.
- Visita ao IES no que se realiza unha presentación por parte da dirección e o DO do centro, recorrido guiado polo centro, resolución de dúbidas, ...

IES Xelmirez II, este centro tamén recibe alumnado do noso centro, por proximidade ao seu domicilio.

- Xornada de portas abertas no primeiro trimestre, dando a coñecer as instalacións e organización do centro a todas as persoas interesadas.
- Reunións do DO, aínda que non estamos adscritos, e non é obrigatoria a asistencia, si é convinte.
- Realízase táboa para o DO do IES, sendo un resumo dos datos máis significativos do alumnado que continuará neste Instituto a súa escolarización.
- Visita do director e orientadora ao noso colexio, no remate do curso escolar.

 <p>XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA</p>	<p>C.E.I.P. PLURILINGÜE MONTE DOS POSTES RÚA DAS FONTEIÑAS, 79 15707. SANTIAGO DE COMPOSTELA. A CORUÑA Teléfono / Fax 981 543 187 E-mail: ceip.monte.postes@edu.xunta.es http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmontepostes/ DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN</p>
---	---

9. COLABORACIÓN COAS FAMILIAS E SERVIZOS EXTERNOS

A familia é o principal axente educativo, comparte coa escola o obxectivo do desenvolvemento dos nenos e nenas. A LOE e LOMCE fan moito fincapé na importancia da implicación e colaboración coas familias.

Así esta necesaria colaboración coas familias desenvolverase:


- unificando criterios de actuación relacionados con hábitos, actitudes, comportamentos.
- reforzando actividades que fomenten a autonomía.
- intercambiando información nas reunións individuais e grupais.
- participando nos órganos de goberno do centro: consello escolar, comisión de convivencia, comisión económica, ...
- colaborando nas actividades desenvolvidas pola ANPA
- implicando ás familias no desenvolvemento de actividades complementarias, celebracións, ...
- colaborando dentro da aula: contacontos, experiencias, profesións, culturas, nacionalidades,
- participando
- organizando formación específica e de interese.
- subscribindo compromisos pedagóxicos e de convivencia no centro.
- reunións de seguimento dos casos individuais, nas que participarán o equipo docente, os mestres especialistas en PT e/ou AL e o orientador.
- o xefe do Departamento de Orientación colabora coas familias na: aportación de información relativa a axudas, solicitudes de axudas, asociacións, recursos da cidade, doutros centros, abrindo canles de comunicación e axuda na resposta das dificultades ou dúbidas, suxestións, mediación e asesoramento nas distintas problemáticas dos nenos e nenas, mediando entre os mestres e as familias, solicitando información ao Equipo de Orientación Específico.

Con servizos externos:

- o BATA, ASPANAES: visita e entrevistas durante o curso no desenvolvemento do alumnado de NEE con escolarización combinada. Intercambio de información sempre que sexa necesario.
- o EOE de A Coruña: solicitando información e asesoramento ante as dúbidas na organización do traballo de atención ao alumnado con NEE, aportando a información solicitada e necesaria para elaborar os informes, mediando entre a familia e o experto do EOE, ...



- Inspección Educativa: organizando as medidas administrativas necesarias para a atención á diversidade como son dotación de recursos materiais e persoais, documentación e procedementos na xestión de novo alumnado con NEAE do centro, información sobre problemáticas do alumnado, familias, profesorado, solicitude de pautas de actuación ante situacións de máis dificultade organizativa..
- Centros privados de apoio externo pedagóxico, psicolóxico, logopédico: reunións de intercambio de información, organización de medidas en coordinación, colaborando coa familia nas propostas establecidas por profesionais externos,
- CEIP de Fontiñas: realizando actividades ou celebracións en conxunto, sendo canle para mellorar a convivencia atendendo á diversidade da zona.
- Servizos médicos: pediatras, neuropediatras, outros especialistas: elaboración de informes describindo as dificultades e necesidades detectadas no ámbito escolar, recollendo a información dos informes médicos co diagnóstico do alumnado para así mellora a atención ás súas necesidades.
- Concello: a través do representante no Consello escolar realizaranse aquelas peticións en atención ás necesidades do alumnado e melloras no acceso, equipamento, ... do colexio. Participando en programas e actividades de interese para o alumnado.
- Servizos sociais: necesidades de familias, intercambio de información, organización de medidas de intervención conxuntas
- Grupo de traballo de Barrio de Fontiñas: reunións periódicas, charlas informativas, contacto con asociacións que desenvolven actividades a incluír dentro do Plan de Acción Titorial, control de necesidades detectadas dende o colexio e os servizos sociais, control do absentismo escolar, *Trócame Roque*, mercadillo solidario, *Fraguando a Diversidade*, ...
- asociacións: ABAGAL, Policia (Plan Director), ACPP, ASPERGA... actividades formativas e informativas.

 <p>XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA</p>	<p>C.E.I.P. PLURILINGÜE MONTE DOS POSTES RÚA DAS FONTIÑAS, 79 15707. SANTIAGO DE COMPOSTELA. A CORUÑA Teléfono / Fax 981 543 187 E-mail: ceip.monte.postes@edu.xunta.es http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmontepostes/ DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN</p>
---	--

10. SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA.

A avaliación do Plan, e o análise das medidas desenvolvidas formarán parte das xuntas de avaliación trimestrais do equipo docente e das reunións de CCP. Valorando o grao de cumprimento das medidas e as dificultades atopadas co obxectivo da elaboración de propostas de mellora necesarias. *táboa (anexo)*

O equipo directivo será o responsable do desenvolvemento, seguimento e avaliación do Plan Xeral de Atención á Diversidade, segundo se recolle no punto 3 da sección III do capítulo II do Decreto 229/2011.

Consideramos este documento aberto a posibles modificacións como:

- Lexislación nova que debemos actualizar.
- Escolarización de novo alumnado ao longo do curso.
- Cambios nos grupos por traslado de alumnado.
- Variacións na consecución dos obxectivos.

Indicadores a avaliar:

- Grao de consecución dos obxectivos.
- Organización dos recursos.
- Sobre as medidas programadas:
 - Grao de aplicación.
 - Adecuación ás necesidades detectadas.
 - Grao de participación/coordiación dos distintos implicados.
 - Grao de satisfacción dos profesionais que o desenvolven.
 - Grao de satisfacción do alumnado atendido, das familias.
 - Dificultades atopadas.

Ao final de cada curso, de acordo cos datos do proceso de seguimento e avaliación, o Departamento de Orientación elaborará a correspondente memoria do Plan Xeral de Atención á Diversidade, e establecerá, de ser o caso, as pertinentes propostas de mellora. Esta memoria incorporárase á memoria do Departamento de Orientación e, en consecuencia, á memoria anual do centro.

 <p>XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA</p>	<p>C.E.I.P. PLURILINGÜE MONTE DOS POSTES RÚA DAS FONTEIÑAS, 79 15707. SANTIAGO DE COMPOSTELA. A CORUÑA Teléfono / Fax 981 543 187 E-mail: ceip.monte.postes@edu.xunta.es http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmontepostes/ DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN</p>
---	---

11. PROTOCOLOS

1. Autorización familiar para a valoración inicial.
2. Autorización familiar para a adopción de medidas extraordinarias.
3. Autorización familiar para a avaliación psicopedagóxica.
4. Solicitude de intervención ao Departamento de Orientación.
5. Modelo de informe final de apoio específico das especialistas de PT e AL.
6. Modelo de informe final de apoio ordinario.
7. Modelo de informe final de Reforzo Educativo.
8. Ficha documentación alumnado de 6º EP, remitir ao IES.
9. Modelo de informe exención 2ª lingua estranxeira, remitir ao IES.
10. Modelo Test Sociométrico.

